

INSTRUCCIÓN 2/2022 PARA A SELECCIÓN E CONTRATACIÓN DE PERSOAS MOZAS DESEMPREGADAS AO ABEIRO DA SUBVENCIÓN PÚBLICA DESTINADA AO FINANCIAMENTO DO “PROGRAMA DE PRIMEIRA EXPERIENCIA PROFESIONAL NAS ADMINISTRACIÓN PÚBLICAS”. *(Orde do 29 de decembro de 2021 pola que se establecen as bases reguladoras para a concesión de subvencións públicas destinadas ao financiamento do programa de primeira experiencia profesional nas Administracións Públicas, de contratación de persoas mozas desempregadas no seo dos servizos prestados pola administración pública galega, no marco do Plan de Recuperación, Transformación e Resiliencia, e se procede á súa convocatoria para o exercicio 2022 (código de procedemento TR349U).*

Na Orde do 29 de decembro de 2021, pola que se establecen as bases reguladoras para a concesión de subvencións públicas destinadas ao financiamento do “Programa de primeira experiencia profesional nas administracións públicas”, de contratación de persoas mozas desempregadas no seo dos servizos prestados pola administración pública galega, no marco do Plan de Recuperación, Transformación e Resiliencia, e se procede á súa convocatoria para o exercicio 2022. Código procedemento administrativo TR349U, recóllense as axudas e subvencións para a contratación de persoas mozas desempregadas, maiores de 16 e menores de 30 anos, na modalidade de contrato en prácticas por parte das entidades que integran o sector público autonómico de Galicia, segundo o disposto no artigo 3 da Lei 16/2010, de 17 de decembro, de organización e funcionamento da Administración xeral e do sector público autonómico de Galicia

O artigo 19.1 da orde de convocatoria establece que a Dirección xeral de Emprego, Traballo Autónomo e Economía Social da Consellería de Emprego e Igualdade publicará unha instrución informativa para a realización do proceso de selección segundo o establecido na dita orde.

Así mesmo, a disposición adicional primeira da citada orde faculta á persoa titular da Dirección Xeral de Emprego, Traballo Autónomo e Economía Social a ditar no ámbito das súas competencias as resolucións, instrucións, aclaracións ou interpretacións necesarias para a aplicación, desenvolvemento e cumprimento da mesma.

1. POSTOS DE TRABAJO E ACTIVIDADES EXCLUÍDAS

A.- En todo caso, as contratacións obxecto de subvención **non poderán cubrir prazos de natureza estrutural** que estean ou non dentro das relacións de postos de traballo, persoal ou outra forma de organización de recursos humanos, contempladas nas distintas Administracións Públicas e que estean dotadas orzamentariamente.



B.-Non poderán subvencionarse no marco deste programa a ocupación de postos de traballo relacionados con algunha das seguintes actividades excluídas do seu financiamento polo Plan de Recuperación, Transformación e Resiliencia:

1.º Inversións relacionadas con combustibles fósiles (incluído o uso posterior)

2.º Actividades no marco do réxime de comercio de dereitos de emisión (ETS) con emisións de gases de efecto invernadoiro proxectadas que non sexan substancialmente inferiores aos valores de referencia establecidos para a asignación gratuíta.

3.º Inversións en instalacións de vertedoiros de residuos, en plantas de tratamento biolóxico mecánico (MBT) e incineradoras para o tratamento de residuos.

4.º Actividades nas que a eliminación a longo prazo de refugallos pode causar danos ao ambiente (por exemplo, refugallos nucleares).

2.POSTOS DE TRABALLO E ACTIVIDADES INCLUÍDAS

Poderán subvencionarse no marco deste programa a ocupación relacionadas con:

a) Empregos verdes, que contribúen a preservar e restaurar o ambiente: agricultura, gandaría e pesca dirixida á restauración dos ecosistemas e a implantar modelos de explotación animal máis ecolóxicos e sustentables; as actividades dedicadas a aumentar a eficiencia do consumo de enerxía e materias primas; limitar as emisións de gases de efecto invernadoiro; minimizar os residuos e contaminación; protexer e restaurar os ecosistemas, os procesos dirixidos a producir bens e servizos que beneficien ao ambiente, etc.

b) Empregos en competencias dixitais, conforme o Marco Europeo de competencias dixitais establecido pola Comisión Europea (DIGCOMP):

c) Emprego xeral, téndose en conta entre outras, tarefas relacionadas coa cohesión social, a atención da dependencia e intervención con colectivos vulnerables, a rehabilitación de contornas e vivenda, así como o desenvolvemento local rural.

3. PROCESO DE SELECCIÓN E CONTRATACIÓN DAS PERSOAS MOZAS DESEMPREGADAS



De acordo co previsto no artigo 19 da orde da convocatoria, unha vez recibida pola entidade beneficiaria a notificación de concesión da subvención, a entidade poderá iniciar o proceso de selección e contratación das persoas traballadoras subvencionadas

Aínda que as entidades beneficiarias deben ser Administracións Públicas ou entes do sector público autonómico, non será de aplicación a normativa establecida para os procedementos de selección de persoal das distintas Administracións Públicas e, polo tanto a través desta convocatoria as persoas seleccionadas non se consideran incluídas nos correspondentes cadros de persoal ou relacións de postos de traballo, nin se poderán cubrir ao abeiro da Orde de 29 de decembro, postos de traballo de carácter estrutural.

A.- SELECCIÓN DAS PERSOAS TRABALLADORAS.

1.- Para a cobertura dos contratos formativos para a obtención de práctica profesional as entidades beneficiarias deberán utilizar necesariamente o Servizo Público de Emprego de Galicia (SPEG).,

2.- As persoas que sexan contratadas **deberán ser desempregadas** rexistradas no Servizo Público de Emprego, maiores de 16 e menores de 30 anos e cumprir os requisitos para formalizar un contrato en prácticas (*ver Nota 1*).

Estes requisitos teranse que cumprir ao comezo do contrato.

As persoas a contratar non poderán ter experiencia laboral superior ou igual a 1 ano (365 días de contrato laboral), no mesmo grupo de cotización para o que van ser contratadas

A entidade beneficiaria será a responsable final de verificar o cumprimento dos requisitos das persoas a contratar.

3.-En cada entidade beneficiaria centralizarase o proceso para a selección de todas as persoas a contratar (no servizo de persoal ou noutro), e realizarase a solicitude de persoas candidatas mediante a presentación por sede electrónica - procedemento **PR004A**, indicando **“Solicitude selección 1ª experiencia AAPP”**.

** Nota 1: A partir do 30 de marzo de 2022 entra en vigor o Real Decreto-lei 32/2021, de 28 de decembro, de medidas urxentes para a reforma laboral, de maneira que o disposto nesta instrución en relación ao contrato en prácticas pasará a referirse ao contrato formativo para a obtención de práctica profesional*

Estes requisitos teranse que cumprir ao comezo do contrato.



A dita solicitude para a selección (PR004A) recollerá os postos ofertados (deben coincidir cos sinalados na solicitude da axuda), e dirixirse á subdirección xeral de Emprego da Dirección xeral de Emprego, Traballo Autónomo e Economía Social da Consellería de Emprego e Igualdade acompañada do modelo de oferta de emprego que figura como Anexo I a esta instrución e dispoñible na Sede electrónica.

Achegarase unha oferta por posto, salvo que se oferten postos de idéntico perfil profesional (titulación, formación, localidade etc), que nese caso poden concentrarse nunha única oferta.

As solicitudes realizarase antes do 15 de marzo de 2022 e os contratos darán comezo antes do 30 de marzo de 2022. (A partir do 30 de marzo de 2022 entra en vigor o Real Decreto-lei 32/2021, de 28 de decembro, de medidas urxentes para a reforma laboral)

As ocupacións ofertadas deberán responder á codificación prevista no Catálogo nacional de ocupacións (CNO) se ben as sondaxes realizaranse polas titulacións académicas correspondentes (ciclos, graos, etc)

Enlace ao Catálogo Nacional de Ocupacións (CNO):

[http://www.ige.gal/igebdt/esq.jsp?ruta=verPpalesResultados.jsp?
OP=1&B=1&M=&COD=3888&R=0\[all\]&C=1\[all\]&F=&S=](http://www.ige.gal/igebdt/esq.jsp?ruta=verPpalesResultados.jsp?OP=1&B=1&M=&COD=3888&R=0[all]&C=1[all]&F=&S=)

4. Recibida a solicitude, a subdirección Xeral de Emprego procederá a remitila á Dirección xeral de Formación e Colocación que designará para cada entidade beneficiaria unha oficina de emprego de referencia, quen realizará a selección de persoas candidatas para cada posto (5 persoas por cada posto, sempre que sexa posible), e procederá do xeito seguinte:

a) A oficina de emprego de referencia contactará coa entidade beneficiaroa e remitiralle ao servizo que centralice o proceso para a selección en cada entidade (servizo de persoal ou outro), os curriculums cegos (5) das persoas preseleccionadas para cada posto, a fin de que realicen a selección definitiva, garantindo o principio de igualdade e non discriminación por ningunha razón.

b) Na selección deberá terse en conta o procedemento establecido no artigo 7.2 da orde de 29 de decembro, onde se recollen os seguintes criterios a aplicar:

- a) Maior adecuación ao posto de traballo ofertado.
- b) Estudos específicos relacionados coa materia para desenvolver tales como másteres, graos ou/e calquera que, estando homologados polo Ministerio de Educación e Formación Profesional ou o Ministerio de Universidades, lles outorguen maiores capacidades e competencias.



c) Recibidos os currículums a entidade beneficiaria dispón de 5 días naturais para realizar a selección dun (1) currículo para cada posto de entre os cinco recibidos, e para comunicar a dita selección á oficina de emprego de referencia, quen devolverá ao correspondente servizo os datos identificativos da persoa seleccionada a fin de que dende a entidade beneficiaria se poida realizar a comprobación da dispoñibilidade desa persoa para o posto ofertado e iniciar, de ser o caso, o proceso de contratación da mesma.

d) A selección inicial é vinculante. No caso de que a persoa seleccionada rexeite o posto ou non sexa posible contactar con ela, deberá quedar constancia no expediente desta circunstancia, ben a través da declaración asinada pola persoa candidata ben a través da certificación ou declaración do servizo correspondente da entidade beneficiaria, sinalando a non dispoñibilidade no contacto, segundo o modelo que figura como anexo II desta instrución e dispoñible na Sede electrónica.

e) No caso no que non resulte posible cubrir o posto ofertado coa primeira das persoas seleccionadas, a entidade beneficiaria procedera a unha nova selección entre os currículos restantes inicialmente achegados pola oficina de emprego para dito posto, reiniciándose o proceso establecido nos apartados b), c) e d) anteriores as veces necesarias ata a selección definitiva e a contratación, ou no caso de que as persoas seleccionadas rexeiten a oferta, ata esgotar as propostas recibidas para cada posto, segundo o recollido no punto d) anterior.

f) De non conseguir cubrir o posto con ningunha das 5 persoas candidatas propostas inicialmente, **excepcionalmente e previa xustificación** das causas polas que non foi posible a selección, comunicarase esta circunstancia á subdirección xeral de Emprego e á oficina de emprego de referencia, para efectuar, se procede, unha nova selección de persoas candidatas nos termos establecidos nesta instrución.

Nesa comunicación a entidade beneficiaria deberá achegar ben a/s declaración/s asinada/s pola/s persoa/s que rexeitaron o posto, ben as certificacións ou declaracións dos servizos correspondentes, nas que se sinale a non dispoñibilidade no contacto coa/s persoa/s candidata/s e/ou o rexeitamento da persoa candidata se non foi posible obter a súa declaración asinada, segundo o modelo que figura como anexo II desta instrución e dispoñible na Sede electrónica.

No caso de non dispoñibilidade por imposibilidade de contacto, a oficina de emprego realizará unha última comprobación antes de remitir máis currículums á entidade beneficiaria.



g) Todas as comunicacións relativas a este proceso entre a oficina de emprego de referencia e o servizo correspondentes da entidade beneficiaria realizaranse sempre a través de medios electrónicos (REXEL e/ou correo electrónico).

B.- CONTRATACIÓN DAS PERSOAS TRABALLADORAS

1 - Efectuada a selección dos traballadores e das traballadoras na forma prevista no punto anterior, a entidade beneficiaria procederá á súa contratación, utilizando necesariamente a modalidade de contrato en prácticas, tendo en conta que en todo caso os contratos deberán formalizarse no prazo e nos termos establecidos na resolución de concesión e na convocatoria.

2.- Os contratos deberán dar comezo antes 30 de marzo de 2022, salvo en casos de forza maior ou por causas debidamente xustificadas, en que se poderá autorizar o aprazamento do inicio por parte da Dirección Xeral de Emprego, Traballo Autónomo e Economía Social. A solicitude de aprazamento realizarase a través do modelo de solicitude, Anexo III que se xunta como anexo a esta instrución e dispoñible na Sede electrónica. En todo caso, as contratacións realizadas con posterioridade ao 29 de marzo de 2022 deberán axustarse ás modalidades contractuais vixentes nese momento:

3.- A duración dos contratos será de 12 meses. A xornada de traballo será a tempo completo.

4. -Os contratos deberán ser comunicados a través da aplicación Contrat@, nun prazo de dez días hábiles desde o inicio do mesmo, á oficina de emprego de referencia, e levarán a indicación *“Programa de primeira experiencia profesional nas administracións públicas. Mecanismo de recuperación e resiliencia”*, nos termos previstos na devandita aplicación Contrat@.

5.- A entidade beneficiaria comunicará á subdirección xeral de Emprego da Dirección Xeral de Emprego, Traballo Autónomo e Economía Social o inicio dos contratos no prazo de quince días hábiles desde o dito inicio, con indicación do número de persoas traballadoras desempregadas contratadas, segundo o modelo recollido no Anexo IV que acompaña a esta instrución e dispoñible na Sede electrónica.

En dito prazo deberá presentarse así mesmo o anexo V da orde de 29 de decembro, que recolle a autorización para a consulta automática dos datos para cada persoa contratada, agás que a persoa interesada se opoña á súa consulta, en cuxo caso a entidade beneficiaria deberá achegar a documentación xustificativa correspondente

C.- INCIDENCIAS NA CONTRATACIÓN.



1.-De acordo co establecido no artigo 19.6 da orde de convocatoria, cando se produza a extinción do contrato antes de que finalice o período de 12 meses tomado como referencia para o cálculo da subvención, ou se produzan baixas temporais con suspensión do contrato, ou reducións legais da xornada laboral, xerárase a obriga de reintegro da parte proporcional da subvención correspondente ao período de baixa ou de redución do contrato.

As ditas modificacións en tanto afecten á vixencia, duración ou outros termos recollidos na resolución de concesión, deberán ser comunicadas pola entidade beneficiaria á subdirección xeral de Emprego da Dirección Xeral de Emprego, Traballo Autónomo e Economía Social no prazo de quince días hábiles desde que se produza a situación modificativa, a través do modelo recollido no Anexo V que acompaña a esta instrución e dispoñible na Sede electrónica.

2.- No caso de suspensión do contrato con dereito a reserva do posto de traballo, cando se dean as situacións establecidas no artigo 11.1.b) do texto refundido da Lei do Estatuto dos traballadores, que dan lugar á interrupción do cómputo da duración do contrato, a entidade beneficiaria poderá solicitar a modificación da duración prevista do contrato, así como unha subvención adicional polo novo período ampliado. En todo caso, a concesión desta subvención adicional estará condicionada á existencia de crédito.

Non está prevista na orde de convocatoria a substitución das persoas contratadas ao abeiro da mesma nos casos de baixas, cese definitivo ou circunstancias asimilables

4-ACTIVIDADE SUBVENCIONADA E OBRIGAS DAS ENTIDADES BENEFICIARIAS EN RELACIÓN CO PERSOAL SUBVENCIONADO

De acordo co previsto nos artigos 5.1, 7 e 22 da orde de convocatoria, **debéranse cumprir , entre outros, os seguintes requisitos:**

1) Que as persoas contratadas **desenvolvan funcións ou tarefas que sexan competencia das entidades beneficiarias.** A competencia poderá ser propia ou orixinaria, ou ben exercida por delegación, encargo ou encomenda.

2) Que **se favoreza a formación e práctica profesionais** das persoas desempregadas que sexan contratadas. Para estes efectos as contratacións deberán referirse a postos de traballo acordes á formación académica e/ou profesional da persoa contratada.

3) Que **se designe unha ou a varias persoas** de apoio para as persoas traballadoras contratada/s, que actúe **como profesional de referencia** no tempo que dure a contratación das ditas persoas.



NOTA FINAL: A entidade beneficiaria deberá verificar antes da contratación, o cumprimento dos requisitos das persoas a contratar.



ANEXO I

PROGRAMA DE PRIMEIRA EXPERIENCIA PROFESIONAL NAS ADMINISTRACIÓNS PÚBLICAS OFERTA DE EMPREGO



OFERTA DE EMPREGO



DATOS DA EMPRESA		
IDENTIFICADOR DA EMPRESA (CIF, NIF...)*	NOME OU RAZÓN SOCIAL DA EMPRESA*	CTA. DE COTIZACIÓN
<input type="text"/>	<input type="text"/>	<input type="text"/>
ENDEREZO DA EMPRESA*	ENDEREZO ELECTRÓNICO*	TELÉFONO*
<input type="text"/>	<input type="text"/>	<input type="text"/>
PERSOA RESPONSABLE DA SELECCIÓN DE PERSOAL*	DATA FIN RECEPCIÓN DE CANDIDATURAS*	RELACIÓN CONTRACTUAL
<input type="text"/>	<input type="text"/>	<input type="checkbox"/> Temporal <input type="checkbox"/> Indefinido
ENDEREZO DA SELECCIÓN* <small>Marcar se coincide co da empresa</small> <input type="checkbox"/>	CONCELLO*	C. POSTAL*
<input type="text"/>	<input type="text"/>	<input type="text"/>

DESCRIPCIÓN DO POSTO DE TRABALLO		
		NÚMERO POSTOS OFERTADOS* <input type="text"/>
ENDEREZO DO POSTO DE TRABALLO* <small>Marcar se coincide co da selección</small> <input type="checkbox"/>	CONCELLO*	C. POSTAL*
<input type="text"/>	<input type="text"/>	<input type="text"/>
OCCUPACIÓN QUE SE SOLICITA*	NIVEL OU CATEGORÍA PROFESIONAL*	MESES DE EXPERIENCIA
<input type="text"/>	<input type="text"/>	<input type="text"/>
DESCRIPCIÓN DO POSTO DE TRABALLO		
<input type="text"/>		

REQUISITOS MÍNIMOS QUE TEÑEN QUE CUMPRIR AS PERSOAS CANDIDATAS			
TITULACIÓN/NIVEL FORMATIVO MÍNIMO	ESPEC. FORMACIÓN OCUPACIONAL	COÑECEMENTOS DE LINGUAS	
<input type="text"/>	<input type="text"/>	LINGUA/S	NIVEL
<input type="text"/>	<input type="text"/>	<input type="text"/>	<input type="text"/>
CARNÉS PROFESIONAIS	OUTROS REQUISITOS IMPRESCINDIBLES	COÑECEMENTOS INFORMÁTICOS	
<input type="text"/>	<input type="text"/>	INFORMÁTICA	NIVEL
<input type="text"/>	<input type="text"/>	<input type="text"/>	<input type="text"/>
<input type="checkbox"/> As persoas candidatas deben ter discapacidade (DESCRIBE QUE TIPO DE DISCAPACIDADE)	<input type="checkbox"/> Indiferente <input type="checkbox"/> Sí	Deben viaxar <input type="checkbox"/> Sí <input type="checkbox"/> Non	Permiso de conducir <input type="checkbox"/> Sí <input type="checkbox"/> Non Tipo de permiso <input type="text"/>
REQUISITOS ADICIONAIS QUE SE VALORARÁN NA SELECCIÓN			
<input type="text"/>			

DATOS CONTRACTUAIS		
DATA PREVISTA INCORPORACIÓN	DURACIÓN DO CONTRATO (días)	TIPO DE CONTRATO
<input type="text"/>	<input type="text"/>	<input type="text"/>
XORNADA DE TRABALLO	NO CASO DE XORNADA PARCIAL	PARTICULARIDADES DO EMPREGO
<input type="checkbox"/> Completa <input type="checkbox"/> Parcial mañá <input type="checkbox"/> Parcial <input type="checkbox"/> Parcial tarde	<input type="checkbox"/> Xornada diaria N° horas a tempo parcial <input type="checkbox"/> Xornada semanal <input type="checkbox"/> Xornada mensual	<input type="checkbox"/> Traballo nocturno <input type="checkbox"/> Sábados, domingos e festivos <input type="checkbox"/> Traballo a domicilio
	<input type="text"/>	<input type="checkbox"/> Teletraballo <input type="checkbox"/> Transporte <input type="checkbox"/> Barreiras arquitectónicas

D./Dña. _____ con DNI/NIE _____ en nome e representación da empresa solicitante a Emprego Galicia a presentación dun resumo do currículo das persoas axeitadas segundo o perfil requirido. Comprométo-me a:
 - Informar do resultado da selección mediante o documento de reclamación de resultados que reciba da oficina de emprego.
 - Empregar os datos contidos na documentación achegada pola oficina ou pola persoa candidata, exclusivamente para a xestión do proceso de selección dos postos ofertados.

Signature do/s representante legal da empresa ou persoa autorizada
 _____ de _____ do 20____

* CAMPO OBLIGATORIO



ANEXO II

PROGRAMA DE PRIMEIRA EXPERIENCIA PROFESIONAL NAS ADMINISTRACIÓNS PÚBLICAS

CERTIFICACIÓN/DECLARACIÓN DE NON DISPOÑIBILIDADE DA PERSOA CANDIDATA E/OU DE REXEITAMENTO DO POSTO

D/Dna <Nome e apelidos>, <Denominación do posto que ocupa> do
<Departamento correspondente> da/do <Consellería/organismo/ente>

CERTIFICA/DECLARA

QUE NON FOI POSIBLE CONTACTAR COA PERSOA /S CANDIDATA/S QUE
FIGURA/N A CONTINUACIÓN:

Posto ofertado: < Ocupación solicitada>

- Nome e Apelidos

QUE A/S PERSOA /S CANDIDATA/S QUE FIGURA A CONTINUACIÓN
REXEITARON O POSTO OFERTADO:

Posto ofertado:< Ocupación solicitada>

- Nome e Apelidos

Risque o que proceda e engada as filas precisas

Lugar e data

Subdirección xeral de Emprego, Dirección xeral de Emprego, Trabajo
Autónomo e Economía Social



ANEXO III

PROGRAMA DE PRIMEIRA EXPERIENCIA PROFESIONAL NAS ADMINISTRACIÓN PÚBLICAS

SOLICITUDE DE APRAZAMENTO PARA O COMENZO DOS CONTRATOS DE TRABALLO

D/Dna *<Nome e apelidos>*, *<Denominación do posto que ocupa>* do
<Departamento correspondente> da/do *<Consellería/organismo/ente>*

SOLICITA

O aprazamento do inicio dos contratos de traballo que ten previsto realizar ao
abeiro do Programa de primeira experiencia profesional nas administracións
públicas, máis alá do 30 de marzo de 2022 e ata o --- de -----de 2022, pola
seguintes causas

-
-
-

Lugar e data

Subdirección xeral de Emprego, Dirección xeral de Emprego, Traballo
Autónomo e Economía Social

ANEXO IV



PROGRAMA DE PRIMEIRA EXPERIENCIA PROFESIONAL NAS ADMINISTRACIÓNS PÚBLICAS
COMUNICACIÓN DE INCIO DOS CONTRATOS DE TRABAJO

D/Dna <Nome e apelidos>, <Denominación do posto que ocupa> do <Departamento correspondente> da/do <Consellería/organismo/ente>

COMUNICA

Que nas datas abaixo sinaladas iniciáronse os seguintes contratos de traballo ao abeiro do Programa de primeira experiencia profesional nas administracións públicas:

Data inicio contrato	Posto	Modulo A/B	Tipo (risque o cadro correspondente)
			<input type="checkbox"/> Verde <input type="checkbox"/> Dixital <input type="checkbox"/> Outros
			<input type="checkbox"/> Verde <input type="checkbox"/> Dixital <input type="checkbox"/> Outros
			<input type="checkbox"/> Verde <input type="checkbox"/> Dixital <input type="checkbox"/> Outros
			<input type="checkbox"/> Verde <input type="checkbox"/> Dixital <input type="checkbox"/> Outros
			<input type="checkbox"/> Verde <input type="checkbox"/> Dixital <input type="checkbox"/> Outros
			<input type="checkbox"/> Verde <input type="checkbox"/> Dixital <input type="checkbox"/> Outros
			<input type="checkbox"/> Verde <input type="checkbox"/> Dixital <input type="checkbox"/> Outros
			<input type="checkbox"/> Verde <input type="checkbox"/> Dixital <input type="checkbox"/> Outros
			<input type="checkbox"/> Verde <input type="checkbox"/> Dixital <input type="checkbox"/> Outros
			<input type="checkbox"/> Verde <input type="checkbox"/> Dixital <input type="checkbox"/> Outros

Inclúa as filas que precise

RESUMO	Número
Persoas contratadas Emprego verde-Módulo A	
Persoas contratadas Emprego verde-Módulo B	
Persoas contratadas Emprego competencias dixitais-Módulo A	
Persoas contratadas Emprego competencias dixitais-Módulo B	
Persoas contratadas Outros empregos-Módulo A	
Persoas contratadas Outros empregos-Módulo B	
TOTAL PERSOAS CONTRATADAS	

Lugar e data
Subdirección xeral de Emprego, Dirección xeral de Emprego, Traballo Autónomo e Economía Social



ANEXO V

PROGRAMA DE PRIMEIRA EXPERIENCIA PROFESIONAL NAS ADMINISTRACIÓN PÚBLICAS

COMUNICACIÓN DE MODIFICACIÓN NO CONTRATO DE TRABAJO

D/Dna *<Nome e apelidos>*, *<Denominación do posto que ocupa>* do
<Departamento correspondente> da/do *<Consellería/organismo/ente>*

COMUNICA

Que se produciu a seguinte modificación ou modificacións no contrato/s de
traballo asinado/s ao abeiro do Programa de primeira experiencia profesional
nas administracións públicas:

-
-
-

Lugar e data

Subdirección xeral de Emprego, Dirección xeral de Emprego, Traballo
Autónomo e Economía Social

